



Universidade de Vigo

*Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas  
Universidade de Vigo*

*Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)  
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924*



## ***Acta da Xunta de Escola ordinaria do 17 de xaneiro de 2008***

### **Anexos:**

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 17/01/2008.
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 17/01/2008.

Ábrese a sesión ás 13 horas e 5 minutos na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da E.T.S.E. de Minas, presidida polo Director, actúa como secretaria a Subdirectora Xefa de Estudos, e se tratan os seguintes puntos da orde do día:

### **1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria do 20 de decembro de 2007 (\*).**

O director informa que na acta da sesión anterior hai un erro na táboa dos membros da comisión permanente xa que como suplente da intensificación de Enerxía non figura ninguén e debe figurar Enrique Granada. A Xunta de Escola aproba por asentimento a acta da sesión anterior ordinaria do 20 de decembro de 2007 con esa modificación.

### **2. Informe do Director.**

O director informa sobre:

- A compra de 99 taquillas para os alumnos e que a xestión destas a van levar desde a delegación de Alumnos.
- A reunión mantida coa Unidade Técnica donde lle informaron que se está a facer de novo un estudio para a climatización do edificio xa que a solución dos parasois non é definitiva.
- A solicitude que se realizou desde o centro para colocar a lo menos nunha porta do edificio un sistema de acceso mediante código ou tarxeta.



Universidade de Vigo

*Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas  
Universidade de Vigo*

*Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)  
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924*



### **3. Situación actual do proxecto de Grao da titulación.**

A comisión de grao decidiu temporalmente non seguir traballando no proxecto de grao xa que finalmente vai haber un Real Decreto ou Orde Ministerial que regule as profesións con atribucións e neste estableceranse as directrices dos graos para adscribirse a ditas profesións. Segundo o Secretario de Estado este RD ou Orde Ministerial se aprobará este mes, e nese momento a comisión reanudará as súas tarefas para presentar o proxecto de Grao na convocatoria de setembro de 2008. Por outro lado a Comisión de Calidade finalizou e enviou o Plan de Calidade da titulación.

### **4. Informe da Responsable de Relacións Internacionais do Centro.**

A Responsable de Relacións Internacionais do Centro informa sobre a situación actual dos intercambios erasmus. Toda esta información está na Web da escola. Das 29 prazas ofertadas se cubriron 24 en 12 universidades europeas, o resto quedaron vacantes debido a que eran prazas para realizar exclusivamente o PFC. Tamén invita aos profesores a titorizar prazas erasmus.

O director intervén para comentar que desde a dirección se queren elaborar unha serie de normas e criterios para os estudantes erasmus ademais de crear unha comisión de seguimento dos mesmos, invitando aos membros desta Xunta de Escola a formar parte da mesma. Ambas se farán públicas antes da próxima convocatoria erasmus e terase que aprobar en Xunta de Escola.

### **5. Encargo docente para o curso 2008-2009: Aprobación, se procede, de oferta de materias de libre elección e límite de prazas para dito curso.**

O Director presenta as propostas de materias de libre elección recibidas no centro:

- Materia de libre elección xeral de campus: HISTORIA DA TECNOLOXÍA
- Materia de libre elección específica de titulación: INTRODUCCIÓN AOS XACEMENTOS DE GAS E PETRÓLEO.

O director propón como límite de prazas para o curso 2008-2009: 40 prazas.

A Xunta de Escola aproba por unanimidade a proposta de materias de libre elección e a proposta de límite de prazas para a titulación.



Universidade de Vigo

**Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas  
Universidade de Vigo**

Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)  
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924



**6. Aprobación, se procede, da modificación do programa dunha materia do curso 2007-2008.**

Presentouse un novo programa da materia “MANTEMENTO MECÁNICO E SEGURIDADE” de 4º curso, para subsanar erros xa que o programa que se achegou no seu momento era un borrador. Apróbase por unanimidade.

**7. Rolda aberta de intervencións.**

Iván Portela en nome dos alumnos realiza unha serie de pedimentos: Reloxos nas aulas, Contedores de reciclaxe, cortinas en delegación e que se arranxen unhas xuntas levantadas no chan da aula 3 e no pasillo entre as aulas 10 e 12. O subdirector de infraestructuras informa que xa está todo pedido e en marcha.

Javier Puga, de Delegación de Alumnos, intervén para informar que tra-las últimas eleccións os novos cargos de Delegación de Alumnos son:

Delegado: Javier Puga

Secretario: Iván Veleiro

Tesoreiro: Iván Portela

Ademas han creado una serie de comisións, das que son responsables:

- Informática: Miguel Angel González
- Infraestructuras: Iván Portela
- Queixas e suxestións: Javier Silveira
- Comunicaci3ns e publicacións: Ana Vázquez Piñeiro

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14 horas e 5 minutos do día de hoxe, do que como Secretaria dou fe en Vigo, dezasete de xaneiro de dous mil oito.

Vº e Prace  
O Presidente

A Secretaria

Pedro Arias Sánchez

Natalia Caparrini Marín



Universidade de Vigo

***Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas  
Universidade de Vigo***

*Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)  
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924*



**ANEXO I**

**Convocatoria de Xunta de Escola do 17/01/2008**



Universidade de Vigo

*Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas  
Universidade de Vigo*

*Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)  
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924*



**ANEXO II**

**Asistentes á Xunta de Escola do 17/01/2008**



Universidade de Vigo

**Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas  
Universidade de Vigo**

Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)  
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924



**Asistentes Xunta de Escola 17/01/2008**

<b>PROFESORES</b>	
1.	<i>Presidente:</i> Pedro Arias Sánchez
2.	<i>Secretario:</i> Natalia Caparrini Marín
3.	Alejandro Monge, Leandro
4.	Alonso Prieto, Elena
5.	Cabeza Simó, Marta María
6.	Cerdeira Pérez, Fernando
7.	Correa Otero, Antonio
8.	Correa Otero, José María
9.	Díez Ferrer, José Bienvenido
10.	García Bastante, Fernando
11.	Gómez Márquez, Iván
12.	Lanaja del Busto, José María
13.	Orche García, Enrique
14.	Ordóñez Galán, Celestino
15.	Pérez Pérez, Carmen
16.	Rivas Brea, Teresa
17.	Taboada Castro, Javier
18.	Vázquez Dorrió, José Benito
<b>ALUMNOS</b>	
1.	Blanco Bello, Miguel
2.	García Silva, Ángela
3.	Gómez Pérez, Gema
4.	González Fernández, Manuel Alejandro
5.	Portela Salgado, Iván
6.	Puga Alonso, Javier
7.	Silveira Loureiro, Javier
8.	Vázquez Piñeiro, Ana
9.	Veleiro Pinal, Iván
<b>PAS</b>	
1.	Romo Pérez, M <sup>a</sup> del Carmen

<b>Total membros Xunta de Escola :</b>	<b>40</b>
<b>Asistentes</b>	<b>28</b>

EXCUSAN A SÚA ASISTENCIA: Don Lino José Álvarez Vázquez, Don José Manuel García Vázquez, Dona Elena González Rodríguez, Don Alfonso Mandado Vázquez e Don Raúl Giráldez Moreira.